

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**3363** *Orde ESS/485/2013, do 26 de marzo, pola que se regulan as notificacións e comunicacións por medios electrónicos no ámbito da Seguridade Social.*

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, regula, nos seus artigos 27 e 28, as comunicacións e notificacións electrónicas cuxa práctica supón unha das expresións máis importantes da administración electrónica, ao pasar a constituír tanto o medio de comunicación preferente entre as distintas administracións públicas coma unha forma de comunicación rápida, áxil e eficaz destas cos administrados.

En concreto, o artigo 27.6 da citada lei permite establecer regulamentariamente a obriga de se comunicar coas administracións públicas mediante a utilización exclusiva de medios electrónicos tanto por parte das persoas xurídicas como por parte de colectivos de persoas físicas respecto ás cales, por razón da súa capacidade económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados, se poida entender que teñen garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

En desenvolvemento do previsto no referido precepto legal, o artigo 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, dispón que a obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos cos órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos públicos vinculados ou dependentes se poderá establecer mediante orde ministerial, nos termos nel previstos, e precisa que tal obriga pode comprender a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos.

O real decreto indicado dedica o seu artigo 40 á notificación por comparecencia electrónica como unha das formas de practicar as notificacións por medios electrónicos consistente no acceso polo interesado, debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica do órgano ou organismo público actuante, sempre que se reúnan as condicións exixidas en tal artigo.

Dentro do ámbito da Administración da Seguridade Social, a manifestación máis importante do uso de técnicas e medios electrónicos no exercicio das súas funcións está constituída na actualidade polo Sistema de remisión electrónica de datos (RED), a través do cal se efectúa a transmisión dos datos relativos ao encadramento, cotización, recadación e xestión da incapacidade temporal por parte da inmensa maioría dos suxeitos responsables e obrigados en relación con tales procedementos e actuacións, todo isto nos termos e condicións establecidos nos artigos 29 e 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos, así como tamén na Orde TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social; na Orde TAS/399/2004, do 12 de febreiro, sobre presentación en soporte informático dos partes médicos de baixa, confirmación da baixa e alta correspondentes a procesos de incapacidade temporal, e nas demais disposicións reguladoras daquel.

De acordo coa previsión contida no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e en coherencia co disposto no artigo 32 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, o artigo 5.2.e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, faculta o Ministerio de Emprego e Seguridade Social para establecer os supostos e as condicións en que os suxeitos responsables no ámbito da Seguridade Social quedarán obrigados a recibir as notificacións por medios informáticos ou telemáticos.

Tales notificacións tamén as regula, dentro do ámbito da Seguridade Social, a disposición adicional quincuaxésima da Lei xeral da seguridade social, cuxo número 1 establece que as notificacións por medios electrónicos dos actos administrativos da Seguridade Social se efectuarán a través da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social, creada mediante a Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio, tanto respecto aos suxeitos obrigados que determine a ministra de Emprego e Seguridade Social como respecto a aqueles que, sen estaren obrigados, opten por esa clase de notificación e, nos seus números 2 e 3, establece outras peculiaridades relativas á práctica desas notificacións.

Esta orde dítase coa finalidade de fixar os supostos e condicións relativos a esa obrigatoriedade no uso de medios electrónicos respecto ás notificacións dos actos administrativos da Administración da Seguridade Social, prevista na Lei xeral da seguridade social, mediante a determinación do seu ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación, así como dos requisitos necesarios para a súa práctica e os casos en que esta quedará excluída.

Esta orde conta co informe favorable da Comisión Ministerial de Administración Electrónica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, ao abeiro do previsto polo artigo 2.2.e) da Orde TIN/3155/2011, do 8 de novembro, pola que se regulan a composición e as funcións do citado órgano colegiado.

A orde dítase en exercicio da competencia atribuída para o efecto polo artigo 5.2.e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 xuño.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer os supostos e as condicións en que os suxeitos a que se refire o artigo 3 quedarán obrigados a recibir por medios electrónicos as notificacións e comunicacións que lles dirixa a Administración da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 5.2.e) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Para os efectos desta orde, entenderase por Administración da Seguridade Social a totalidade das direccións xerais, entidades xestoras e servizos comúns incluídos no ámbito de aplicación da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social (en diante, Sedess), de conformidade co artigo 2.a) da Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio, creadora desta sede.

#### Artigo 2. *Sistema de notificación electrónica.*

A Administración da Seguridade Social, de acordo co establecido na disposición adicional quincuaxésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, practicará notificacións electrónicas aos suxeitos a que se refire o artigo 3, mediante o sistema de comparecencia na Sedess, no enderezo electrónico <https://sede.seg-social.gob.es>.

#### Artigo 3. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. O disposto nesta orde será de aplicación ás persoas físicas, xurídicas ou entes sen personalidade xurídica que sexan suxeitos de relacións xurídicas coa Administración da Seguridade Social en materia de inscrición de empresas, afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores, cotización, recadación e prestacións, así como respecto de calquera outra relación xurídica en materia de seguridade social que resulte da aplicación da normativa propia nesa materia ou doutra norma con rango de lei que se refira ou non exclúa expresamente as obrigas de seguridade social.

En todo caso, quedarán excluídas as relacións xurídicas en que a Administración da Seguridade Social actúe en calidade de suxeito de dereito privado.

2. Estarán obrigados a recibir por medios electrónicos as notificacións e comunicacións que no exercicio das súas competencias lles dirixa a Administración da Seguridade Social:

a) As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que estean obrigados a se incorporar ao Sistema de remisión electrónica de datos (en diante, Sistema RED), segundo o previsto na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, reguladora deste sistema.

b) As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que, sen estaren obrigados a se incorporar ao Sistema RED, se adherisen voluntariamente a el, mentres se mantéña a súa incorporación ao citado sistema.

Os suxeitos responsables sinalados nos parágrafos anteriores quedarán obrigados a comparecer na Sedess, para os efectos de recibir as notificacións e comunicacións electrónicas a que se refire esta orde, desde o momento en que deban estar incorporados ao Sistema RED, no suposto previsto na letra a), e desde o momento da súa incorporación a este sistema, no suposto previsto na letra b).

3. As persoas, físicas ou xurídicas, ou entes sen personalidade xurídica non incluídos no número anterior poderán manifestar a súa vontade de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social por medios electrónicos, a través do servizo correspondente da Sedess, e quedarán automaticamente obrigados a recibilas mediante comparecencia na dita sede electrónica desde que exerzan a súa opción por esa forma de notificación.

4. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como as súas entidades e centros mancomunados, deberanse incorporar ao sistema de notificación electrónica regulado nesta orde, para efectos de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social mediante comparecencia na Sedess, desde a data de efectos da autorización da súa constitución.

#### Artigo 4. *Recepción das notificacións electrónicas.*

1. Nos supostos previstos no artigo 3.2, as notificacións e comunicacións electrónicas poranse á disposición, en todo caso, tanto do suxeito responsable obrigado a recibilas coma do autorizado que en cada momento teña asignada a xestión no Sistema RED do código de conta de cotización principal daquel ou, no seu defecto, do autorizado que teña asignado, de ser o caso, o número de Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos obrigados a se incorporaren a ese sistema, nos termos previstos na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, reguladora deste.

Como excepción ao previsto no parágrafo anterior, os suxeitos responsables a que se refire o artigo 3.2 poderán optar por que as notificacións e comunicacións electrónicas a eles dirixidas se poñan exclusivamente á súa disposición ou tamén á dun terceiro a quen outorgasen a súa representación, opción que se deberá exercer mediante o acceso ao correspondente servizo da Sedess, segundo o previsto no artigo 2.b) da Orde TIN/1459/2010, do 28 de maio.

2. Os suxeitos a que se refire o artigo 3, números 3 e 4, poderán outorgar a súa representación a un terceiro para recibir as notificacións e comunicacións por medios electrónicos, caso en que estas se porán á disposición, así mesmo, do representante.

3. As notificacións e comunicacións electrónicas practicadas aos autorizados no Sistema RED ou a outros representantes polos cales optasen os suxeitos obrigados a recibilas entenderanse realizadas a estes últimos, e serán válidas e vinculantes para eles.

Cando as notificacións e comunicacións por medios electrónicos se poñan á disposición dun autorizado no Sistema RED e este designase un ou máis usuarios secundarios para a transmisión electrónica de datos nese sistema, conforme o previsto na súa orde reguladora, as notificacións e comunicacións que estes reciban entenderanse practicadas directamente ao titular da autorización.

## Artigo 5. *Supostos de notificación por cesamento de receptores.*

1. Cando, conforme o establecido no artigo 4.1, un autorizado no Sistema RED sexa receptor de notificacións electrónicas e se produza a desvinculación do código de conta de cotización principal asignado á súa autorización e, de ser o caso, á do traballador por conta propia ou autónomo obrigado a se incorporar a ese sistema, as notificacións e comunicacións electrónicas poranse exclusivamente á disposición do suxeito responsable ata que ese código ou, de ser o caso, o número de Seguridade Social do traballador autónomo obrigado a se incorporar ao Sistema RED queden asignados a un novo autorizado, caso en que tamén se porán á disposición deste último.

No suposto dos suxeitos responsables a que se refire o artigo 3.2.b), cando a desvinculación efectuada implique que a totalidade dos códigos de conta de cotización ou, de ser o caso, o traballador por conta propia ou autónomo, carezan de autorización RED, as notificacións e comunicacións que se lles dirixan non terán carácter electrónico, ao ter cesado a súa incorporación efectiva ao Sistema RED, de acordo co previsto no artigo 6.2.

En caso de desvinculación de códigos de conta de cotización ou números de Seguridade Social dunha autorización RED, producida tanto por solicitude do autorizado no Sistema RED ou do suxeito responsable como de oficio, conforme o previsto na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, reguladora deste sistema, a Administración da Seguridade Social comunicará a ambos os efectos que en materia de recepción de notificacións electrónicas deriven da citada desvinculación, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

2. Nos supostos de opcións para a recepción de notificacións e comunicacións electrónicas realizadas a favor dun terceiro non autorizado no Sistema RED, a que se refire o artigo anterior, cando aquel manifieste a súa renuncia á representación outorgada ou a súa vontade de non recibir esas notificacións e comunicacións, mediante o correspondente servizo na Sedess, a Administración da Seguridade Social comunicará tal circunstancia ao suxeito responsable, e aquelas practicaránselle directamente a este.

## Artigo 6. *Supostos de exclusión do Sistema de notificación electrónica.*

1. Os suxeitos responsables a que se refire o artigo 3.2.a) en ningún caso poderán quedar excluídos do sistema de notificación por comparecencia na Sedess, con independencia de que tivese ou non lugar a súa incorporación efectiva ao Sistema RED nos termos previstos na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, reguladora deste sistema.

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e as súas entidades e centros mancomunados tampouco poderán quedar excluídas do citado sistema de notificación electrónica.

2. Os suxeitos responsables a que se refire o artigo 3.2.b) só poderán quedar excluídos do sistema de notificación por comparecencia na Sedess cando previamente deixen de estar incorporados ao Sistema RED. Producida esta circunstancia, cesarán as notificacións electrónicas, o que será comunicado ao interesado.

Non obstante o anterior, os interesados en continuar adheridos ao Sistema de notificación electrónica poderán solicitar a súa inclusión voluntaria nel mediante comparecencia na Sedess, nos termos sinalados no artigo 3.3.

3. As persoas, físicas ou xurídicas, ou entes sen personalidade xurídica, a que se refire o artigo 3.3 poderán quedar excluídos do sistema de notificación por comparecencia na Sedess cando así o soliciten. O sistema xerará o correspondente xustificante da transmisión efectuada, así como do día e da hora da solicitude formulada.

## Artigo 7. *Rexistro electrónico de apoderamentos.*

Os apoderamentos que outorguen os suxeitos a que se refire o artigo 3, números 2, 3 e 4, deberán constar debidamente inscritos no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Seguridade Social, nos termos e condicións que determine a orde ministerial reguladora

deste, e poñeranse as notificacións e comunicacións electrónicas á disposición dos apoderados desde que se incorpore a súa representación ao citado rexistro.

## Artigo 8. *Ámbito de aplicación obxectivo.*

1. A obriga de recibir por medios electrónicos as notificacións e comunicacións efectuadas pola Administración da Seguridade Social alcanzará todas as actuacións e procedementos en materia de Seguridade Social, incluídos os correspondentes á recadación dos recursos a que se refire o artigo 1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, con excepción daqueles actos derivados das relacións xurídicas en que aquela actúe en calidade de suxeito de dereito privado.

Para os efectos previstos no número 2 da disposición adicional quincuaxésima da Lei xeral da seguridade social, enténdese por actos administrativos que deriven ou se diten como consecuencia dos datos que se deben comunicar electronicamente a través do Sistema RED todos aqueles que veñan motivados polas transmisións efectuadas ou que se deban efectuar e os subseguintes que teñan lugar nos procedementos administrativos incoados como consecuencia da obriga de transmitir tales datos en materia de inscrición, altas, baixas e variacións de datos de empresarios e traballadores, cotización, recadación voluntaria e executiva, comunicación de partes de baixa, confirmación e alta de incapacidade temporal e calquera outra materia que sexa obxecto de transmisión a través do citado sistema.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a Administración da Seguridade Social poderá practicar as notificacións e comunicacións por medios non electrónicos, nos termos previstos no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos seguintes supostos:

a) Cando a notificación ou comunicación se practique con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou do seu representante nas dependencias da Administración da Seguridade Social en que se tramite o procedemento de que se trate e solicite a notificación ou comunicación persoal nese momento.

b) Cando a notificación ou comunicación electrónica resulte incompatible coa inmediatez ou celeridade que requira a actuación administrativa para asegurar a súa eficacia. Neste caso o interesado non poderá optar pola notificación na Sedess.

3. Cando nos supostos referidos no número anterior, a Administración da Seguridade Social practícase a notificación ou comunicación por medios electrónicos e non electrónicos, entenderanse producidos todos os efectos administrativos do acto de que se trate a partir da primeira das notificacións ou comunicacións correctamente efectuada.

4. En ningún caso se efectuarán por comparecencia na Sedess as notificacións ou comunicacións seguintes:

a) Aquelas en que o acto que se notifique vaia acompañado de elementos que non sexan susceptibles de conversión en formato electrónico.

b) As que, conforme a súa normativa específica, se deban practicar mediante comparecencia no domicilio do interesado ou noutro lugar sinalado para o efecto pola normativa ou en calquera outra forma non electrónica.

c) As que poidan conter medios de pagamento a favor dos interesados, tales como cheques.

d) As dirixidas ás entidades financeiras adheridas ao procedemento para efectuar por medios electrónicos o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito.

e) As dirixidas ás administracións públicas adheridas ao procedemento para efectuar por medios electrónicos a traba das devolucións tributarias ou de ingresos indebidamente realizados e pagamentos con cargo ao orzamento de gastos desas administracións públicas.



f) As dirixidas ás administracións públicas e aos profesionais oficiais solicitando información, obxecto ou non de tratamento automatizado, que sexa útil para a recadación dos recursos da Seguridade Social.

g) As comunicacións dirixidas pola Administración da Seguridade Social nos supostos en que, de acordo co artigo 66 da Lei xeral da seguridade social, estea obrigada á subministración ou cesión dos datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio das súas funcións.

h) Todas aquelas comunicacións que se realicen a través do Sistema de intercambio de ficheiros institucionais entre diferentes entidades ou administracións (Sistema IFI).

5. A obrigatoriedade da notificación electrónica dos actos administrativos a que se refire este artigo farase efectiva de acordo co previsto na disposición adicional única.

#### Artigo 9. *Práctica das notificacións electrónicas.*

1. O acceso ás notificacións practicadas pola Administración da Seguridade Social mediante o sistema de comparecencia na Sedess, a que se refire o artigo 2, efectuarase de acordo cos requirimentos previstos no artigo 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, relativos a identificación dos interesados, coñecemento previo do carácter de notificación do acceso e constancia deste.

2. A identificación dos interesados realizarase necesariamente mediante certificado electrónico que garanta a identidade do usuario, a integridade dos documentos electrónicos e o non repudio deles, tal como se establece na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Para os efectos de identificación ao acceder ao servizo de notificacións, os interesados poderán utilizar os correspondentes certificados electrónicos, conforme o establecido nos artigos 13 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 10 e seguintes do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, así como os certificados emitidos pola propia Seguridade Social.

3. Con carácter previo ao acceso ao contido das actuacións administrativas, e unha vez seleccionada polo interesado a que corresponda, visualizarase un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá ese acceso, e deberase aceptar expresamente a notificación para que se faga efectivo o acceso ao contido da actuación administrativa.

En todo caso, unha vez que conste a posta á disposición das notificacións ou comunicacións practicadas na Sedess e transcorrido o prazo de 10 días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderanse rexeitadas, darase por cumprido ese trámite e continuarase co procedemento, salvo que por causas imputables á Administración da Seguridade Social se comprabe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

4. O sistema de notificación electrónica mediante comparecencia na Sedess acreditará a data e a hora en que teña lugar a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a data e a hora do acceso ao seu contido e deixará constancia da concreta actuación administrativa comunicada ou notificada e do seu contido.

Todos os datos anteriores poderán ser certificados pola Sedess. A certificación poderase xerar de maneira automatizada e incluírá a identidade do destinatario e do receptor, así como, de ser o caso, a data en que a notificación se considerou rexeitada por ter transcorrido o prazo de 10 días naturais indicados no número anterior ou en que se rexeitou expresamente.

Disposición adicional única. *Efectividade inicial da obriga de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social mediante o sistema de notificación electrónica.*

1. Sen prexuízo do indicado no último parágrafo do artigo 3.2, os suxeitos responsables comprendidos no ámbito de aplicación subxectivo previsto nese punto que,

na data de entrada en vigor da orde, xa estean obrigados a incorporarse ou se incorporasen voluntariamente ao Sistema RED, quedarán inicialmente obrigados a comparecer na Sedess, para efectos de recibir as notificacións e comunicacións que lles dirixa a Administración da Seguridade Social, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se lles notifique a resolución sobre a súa inclusión no sistema de notificación electrónica.

As referidas resolucións deberanas ditar os titulares das secretarías provinciais das direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e fronte a elas poderase interpor recurso de alzada ante os titulares da respectiva dirección provincial, na forma, prazos e demais condicións previstos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A interposición do citado recurso suspenderá a execución do acto impugnado.

A falta de notificación da resolución relativa á inclusión no sistema de notificación electrónica por causa non imputable á Administración da Seguridade Social determinará a súa publicación no taboleiro de edictos e anuncios da Seguridade Social situado na dita Sedess, de acordo co previsto no número 4 da disposición adicional quincuaxésima da Lei xeral da seguridade social.

2. Os suxeitos responsables comprendidos no ámbito de aplicación subxectivo previsto no artigo 3.2, antes de recibir a notificación a que se refire o número anterior, poderán manifestar mediante comparecencia na Sedess a súa vontade de recibir as notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social electronicamente, ben que non quedarán efectivamente obrigados a recibilas ata que se produza a citada notificación e transcorra o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa recepción.

3. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, así como as súas entidades e centros mancomunados, que se encontren constituídos na data de entrada en vigor desta orde, quedarán incluídos obrigatoriamente no sistema de notificación electrónica a partir da citada data.

4. Por resolucións da Secretaría de Estado da Seguridade Social fixaranse as datas a partir das cales as distintas actuacións e procedementos en materia de Seguridade Social se notificarán ou se comunicarán a través do sistema de notificación electrónica.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, a partir da entrada en vigor desta orde as reclamacións de débeda, as providencias de constrinximento e as comunicacións de inicio do procedemento de dedución fronte a entidades públicas emitidas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social serán notificadas electronicamente mediante comparecencia na Sedess tanto aos suxeitos a que se refire o artigo 3, números 2 e 4, unha vez que queden inicialmente obrigados nos termos indicados no número 1 desta disposición adicional, como aos suxeitos a que se refire o artigo 3.3, unha vez que opten por esa forma de notificación.

Disposición transitoria única. *Subscrición voluntaria para a recepción de notificacións electrónicas.*

Os suxeitos a que se refire o artigo 3.2 que, con anterioridade á súa entrada en vigor, se subscribisen ao correspondente servizo da Sedess para recibiren notificacións e comunicacións da Administración da Seguridade Social por medios electrónicos, continuarán recibíndoas por tales medios mentres permanezan subscritos a ese servizo, ata que se produza a súa inclusión obrigatoria no sistema de notificación electrónica conforme o previsto no parágrafo primeiro do número 1 da disposición adicional única.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e execución do previsto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de marzo de 2013.–A ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez García.